

L U G O

15 mayo

1.973


Sr. D. LUIS BEOANE
LA CORUÑA.-

Meu querido amigo:

Xa vin o domingo a miña figuración. Coido que mellorou a semellanza en relación có rápido apunto que me fixeche na casa do Alvaro. Vindo de tí non me sorprendeu a xenerosidade cordial do texto, que agradezo en todo o que vale.

As "Comunicacións mesturadas" interesáronme moito. Pra min están cheas de cousas e persoas iñoradas merecentes de recordo e coñecemento. Agora que se escriben tantos libros gratuitos coido que fan moita falla libros como ese: libros que se non se escriben nonos escribe ninguén. Nas túas "Comunicacións" trátase, ó meu ver, de xustas e debidas "salvacións" de retallos, laberínticamente espallados no tempo e no espacio, dun esforzo tan conmovedoramente desamparado como é o da nosa cultura.

Moitas gracias por todo e recibe unha cordial aperta de



(Fernández de la Vega)